



RESOLUCIÓN

Asunto: Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia

Procedemento: Designación membros da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia

ANTECEDENTES

1. A Lei Orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, regula e despenaliza a eutanasia en determinados supostos que define claramente.

De acordo co artigo 17 desta Lei Orgánica, os gobernos das Comunidades Autónomas deberán crear unha Comisión de Garantía e Avaliación, con natureza de órgano administrativo e de carácter multidisciplinar que debe contar cun número mínimo de sete membros entre os que se incluírán persoal médico, de enfermería e xuristas.

2. Polo Decreto 101/2021, do 8 de xullo, ao abeiro do establecido no artigo 17 da lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, crease a Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia. A Comisión, que depende da Consellería competente en materia de sanidade, estará adscrita á dirección xeral competente en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
3. No Decreto 101/2021 establécese que estará formada por unha secretaría e 12 vogalías, correspondéndolle a unha deles exercer a presidencia.



3.1. A Presidencia será exercida pola persoa designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

3.2. As vogalías estarán formadas por 12 persoas designadas pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por tres anos prorrogable por igual período.

RÉXIME XURIDICO

Será de aplicación o establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e por seu regulamento de orde interno.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Proceder á designación dos 12 vogais da Comisión de Garantía e Avaliación da Eutanasia da Comunidade Autónoma de Galicia:

- En calidade de médico especialista:

Rosendo Bugarín González. Especialista en Atención Familia y Comunitaria. Área Sanitaria de Lugo.

Juan Luis Fernández Hierro. Especialista en Psiquiatra. Área Sanitaria de Vigo.

Inés González Suárez. Especialista en Neuroloxía. Área Sanitaria de Vigo.

José Luis Jiménez Martínez. Especialista en Medicina Interna. Área Sanitaria de Ourense.

Nieves Molins Gauna. Especialista en Anestesia e Reanimación. Área Sanitaria de A Coruña.



Felipe Trillo Taboada de Zúñiga. Especialista en Atención Familia y Comunitaria.
Área Sanitaria de A Coruña.

Sergio Vázquez Estévez. Especialista en Oncoloxía médica. Área Sanitaria de
Lugo.

- En calidade de persoal de enfermaría:

Ángel Alfredo Martínez Ques. Atención Primaria. Área Sanitaria de Ourense.

Teresa Vence Diéguez. Atención Hospitalaria. Área Sanitaria de Santiago.

- En calidade de xuristas con coñecementos en dereito sanitario ou bioética:

Miguel Ángel Cadenas Sobreira. Ex-maxistrado.

María Ponte García . Técnico xurídico. Área Sanitaria de Vigo.

José Antonio Seoane Rodríguez. Catedrático de Filosofía do Dereito.
Universidade de A Coruña.

2. A vixencia desta resolución será de tres anos.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2021

O director xeral de Asistencia Sanitaria

Jorge Aboal Viñas

